

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE INGLÉS DE 1º CURSO DE PRIMARIA

INDICE

1. OBXECTIVOS DO CURSO
2. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN
4. ACTIVIDADES TIPO
5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA
6. AVALIACIÓN
 - 6.1. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
 - 6.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
9. ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR E DE FOMENTO DA LECTURA
10. ACCIÓNS PREVISTAS PARA A INTEGRACIÓN DAS TICS
11. CONTIDOS DE TRATAMENTO TRANSVERSAL: VALORES, ACTITUDES E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA
12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
14. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE, PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Listening: comprender e participar en mensaxes sinxelas emitidas polo profesor e outros alumnos, tamén cancións, rimas...
- Speaking: aprender a comunicarse de forma básica usando medios lingüísticos e non lingüísticos.
- Writing: escribir palabras de diferentes modos: enchendo liñas de puntos, copiando, trazando as siluetas ou facendo crebacabezas.
- Reading: entender palabras soltas, empregando as pistas visuais como estratexia para entender mellor a información dada.
- Aprender a aprender e reflexionar: opinar sobre a súa propia aprendizaxe participando en xogos por equipos e empregando unha estratexia básica de avaliación.
- Comparación entre as linguas: coñecer as diferenzas que existen entre o inglés e a súa lingua materna.
- Traballo en equipo: respectar os compañeiros e traballar en parella ou en grupo con actitude positiva.
- Pronunciación: repetir cancións, raps e chants infantís co ritmo e o ton axeitado.

2. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

1. Comprender de forma global mensaxes orais sinxelas nas situacións habituais de clase.
2. Comprender e utilizar algunhas convencións lingüísticas e non lingüísticas en situacións básicas de comunicación.
3. Interaccionar cos demais en situacións de comunicación de clase.
4. Reproducir cancións e poesías co ritmo e ton axeitados.
5. Participar en tarefas de grupo ou parellas onde utilicen a linguaxe estudada.
6. Recoñecer o significado de palabras e frases sinxelas pola súa pronunciación
7. Introducir a lectura e a escritura en inglés co vocabulario traballado en clase.
8. Apreciar o valor comunicativo da lingua inglesa a través das actividades de clase.
9. Valorar os aspectos culturais da lingua inglesa nun contexto próximo e significativo para o alumno.

3. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Comúns ós tres trimestres:

BLOQUE 1

B1.1 Estratexias de comprensión:

Iniciación, mediante xogos e adiviñas, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar, situación de comunicación de carácter infantil, moi sinxelas, e do seu interese.

Identificación do tema de textos moi sinxelos, adaptados á súa idade e aos seus intereses (contos, rimas infantís, cancións).

Asociación de palabras e expresións moi básicas e moi sinxelas con elementos paraverbais.

Asociación de palabras e frases moi sinxelas a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións en soporte papel ou dixital.

Seguimento non verbal de instrucións moi sinxelas.

Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e estruturas elementais da lingua estranxeira.

B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de ton.

BLOQUE 2

B2.1 Estratexias de produción de textos orais:

- Planificación: concibir a mensaxe con claridade e practicala varias veces.
- Execución:
 - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
 - Compensar carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos.
 - Usar a linguaxe non-verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresión faciais, posturas, contacto visual ou corporal).
 - Participar activamente en rutinas de clase, representacións, cancións, dramatización etc, empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).
 - Repetir e reproducir en grupo textos orais sinxelos seguindo patróns orais.
 - Imitar situación de comunicación sinxelas a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.
 - Empregar a lingua estranxeira en situación variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentación, felicitación ás persoas de aula nos seus aniversarios, estados de ánimo...)

B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algún aspectos fonéticos, do ritmo e de ton da lingua estranxeira.

BLOQUE 3

B3.1 Estratexias de comprensión:

- Actualización moi guiada dos coñecementos previos sobre o tipo de texto que se vai ler.
- Identificación da idea global de textos moi sinxelos, elementais e moi familiares (contos, cancións ou rimas...) encadrados por imaxes redundantes e títulos moi evidentes do contido textual.
- Identificación de palabras clave moi evidentes, concretas, sinxelas e familiares relacionadas coas personaxes a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.

B3.2 patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:

- Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

BLOQUE 4

B4.1 Estratexias de produción:

- Planificación: Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral.

- Execución:
 - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
 - Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e programas informáticos.
 - Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema.
 - Iniciarse no emprego de programas informáticos para reproducir mensaxes escritas moi sinxelos.

B4.2 Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:

Uso dos signos de puntuación máis básicos. Iniciación ao proceso global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

BLOQUE 5

B5.1 Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:

Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.

Interese polo traballo individual , en parellas ou grupos.

B5.2 Función comunicativas:

Establecemento de relación sociais: saudar, despedirse, agradecer, etc.

Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre obxectos próximos ao contorno escolar, días da semana e tempo atmosférico.

Formulación de preguntas e respostas sobre obxectos e espazos próximos ao contorno escolar.

Expresión moi elemental de posesión, de gusto e a preferencia.

Expresión de cantidade, contar ata 20

Estado de ánimo.

B5.3 Estructuras sintáctico-discursivas:

Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade cor favorito (What´s your name? How old are you?...

Pregutnas e respostas sobre os días da semana e tempo atmosférico (what day is it today? It´s... What´s the weather like today?

Preguntas e respostas sobre obxectos próximos ao contorno escolar (what´s this? It´s my...)

Expresión de posesión en primeira persoa (I´ve got) e formulación da pregunta correspondente (have you got?)

Preguntas e respostas sobre as partes básicas do corpo (whtat´s this?, it´s...) membros da familia (who´s this?, this is my (brother), alimentos (what´s this? This is...)

Expresión de permiso e axuda (Can I...?)

TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE

No primeiro trimestre de este curso adicaremos un tempo a reforzar os estándares que, debido a Covid19, non quedaron suficientemente traballados.

Unidade introdutoria

- Hello, Tiger!. Active vocabulary: hello, goodbye, roar, jump, run, tiger, boy, girl, colours, numbers 1-10, apple, ball, banana, book, cat, dog, raining, cold, sunny, windy, cloudy, hot.
- Active structures: What's your name? I'm (Tiger). How old are you? I'm six. How many tigers? It's hot.

Primeira Unidade

- Back to school. Active vocabulary: bag, pencil, pen, crayón, ruler, rubber, pencil case, sharpener. Talk, draw, color, play, sing.
- Active structures: Can I have this pencil, please? Yes, of course. Put it in the basket. I draw at school. Do you sing at school? Yes, I do. / No, I don't. My school uniform is blue.

Segunda Unidade

- The gingerbread man. Active vocabulary: head, eyes, mouth, nose, ears, arms, hands, legs. Listen, smell, see, touch, taste.
- Active structures: I've got arms. This is the head. This is my nose. I see with my eyes. We play tag.

2º TRIMESTRE (estruturas sintácticas e léxico de alta frecuencia)

Terceira Unidade

- Tiger is lost. Active vocabulary: father, mother, brother, sister, grandmother, grandfather, baby, family, aunt, uncle, cousin, small, big.
- Active structures: Have you got (Tiger)? Yes, I have. / No, I haven't. This family is big. Who's this? This is my cousin. I live with my mum and my brother.

Cuarta Unidade

- Dinner time. Active vocabulary: peas, eggs, ham, milk, carrots, potatoes, cheese, sausages. Numbers 1-20. Plants, animals, fruit, vegetables, meat, fish.
- Active structures: I love/ like/ don't like ham. Do you like cheese? Yes, I do. / No I don't. Put carrots in the omelette. Bananas are fruit. Bananas are from plants. Ham is meat. Ham is from animals.

3º TRIMESTRE (estruturas sintácticas e léxico de alta frecuencia)

Quinta unidade

- The Sore Paw. Active vocabulary: parrot, snake, elephant, monkey, giraffe, frog, crocodile, mouse. Walk, run, climb, jump, swim, fly.

- Active structures: I've got a sore paw. Can you help me, please? No sorry. I can't. / Yes, of course I can. A giraffe can run. I can jump. Can you fly? Yes, I can/ No, I can't.

Sexta unidade

- The missing skateboard. Active vocabulary: car, doll, bike, scooter, skateboard, kite, board game, computer game. Wood, plastic, metal, paper.
- Active structures: Where's my skateboard? Is it in/on/under the table? Yes, it is. / No, it isn't. The (car) is in / on/ under the (book). My pencil is made of wood. In the holidays, I play with my bike.

4. ACTIVIDADES TIPO

Para o desenvolvemento dos contidos e das competencias clave levaranse a cabo actividades dos seguintes tipos:

Para o bloque 1: Comprensión de textos orais

- Relacionar palabras con imaxes.
- Práctica de instrucións, indicacións e peticións na clase.
- escoita de contos, cancións,... para despois contestar preguntas, repetir e marcar.
- Identificar cores, números, palabras.

Para o bloque 2: Producción de textos orais

- Elaboración de pequenas estruturas en parellas ou grupos.
- Responder a preguntas en contexto
- Cantar cancións.
- Repetir rimas ou chants.
- Facer xogos co vocabulario básico:dicir a palabra que falta. Recordar a orde das palabras, averiguar a palabra...

Para o bloque 3: Comprensión de textos escritos

- Relacionar debuxos e significados
- Completar con palabras.
- Completar actividades de verdadeiro ou falso
- Unir palabras con imaxes.
- Seleccionar a información correcta

Para o bloque 4: Producción de textos escritos

- Copiar palabras e escribir o nome dos debuxos.
- Escribir o vocabulario debaixo das imaxes.

- Contestar preguntas sobre unha imaxe.
- Completar frases e textos sinxelos.
- Resolver quebracabezas sinxelos.

Para o bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

- Ilustrar un texto.
- Colorear seguindo as indicacións dun texto.
- Clasificar palabras.
- Ordenar debuxos segundo o que de escoita.
- Corrixir textos de acordo cunha imaxe ou un texto.

5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Segundo o protocolo establecido pola Covid19, en caso de confinamento usaremos as plataformas dixitais dos libros de inglés.

No caso de 1º de Primaria a plataforma sería MacmillanEducationEverywhere e a aplicación Navio.

A metodoloxía estará baseada nos seguintes principios metodolóxicos:

- Coñecer o nivel de desenvolvemento psicolóxico dos alumnos para partir del.
- Favorecer a creación de procesos de aprendizaxe significativos.
- Promover o desenvolvemento da actividade mental dos alumnos.
- Desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

Estes principios serven de base ós puntos concretos que se traballarán na metodoloxía:

Aprendizaxe centrada no alumno. Os nenos destas idades son curiosos por natureza e ademais teñen unha necesidade natural de comunicarse cos demais. Preténdese manter esa curiosidade, alimentala e xerar neles o desexo de coñecer cousas novas. Ademais, aproveitarase a necesidade de comunicación para introducilos na competencia comunicativa noutra lingua.

Centrarémonos no significado. A linguaxe, a través das actividades, preséntase nun contexto próximo ó alumno, aos seus intereses e experiencias. A énfase recae no propósito comunicativo da nova lingua.

A aprendizaxe efectiva conseguirase a través da exposición a unha grande variedade de experiencias. Isto favorecerase a través de cancións, textos, xogos, historias, chants.

Un dos principais obxectivos é desenvolver as destrezas e o coñecemento necesarios para lograr a autonomía na propia aprendizaxe e conseguir un ambiente de traballo positivo e cooperativo.

Aínda que o obxectivo a longo prazo é o desenvolvemento equilibrado das catro destrezas básicas, neste primeiro ciclo traballarase fundamentalmente a expresión e comprensión oral.

O vocabulario básico estará agrupado por temas e cada tema desenvolverase arredor dunha historia, a partir da cal se introducen as palabras e expresións novas que se traballarán tamén por medio de cancións, chants e xogos.

<p>que axude á comprensión.</p> <p>B1.2. Comprender preguntas e información relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p> <p>B1.3. Facer hipótesis sobre o posible sentido dun texto apiándose en elementos paraverbais moi evidentes e en situación de comunicación moi familiares.</p> <p>B.1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos</p> <p>Bloque 2:</p> <p>B2.1 Falar de si mesmo/a e de persoas do seu contorno inmediato, de lugares e oobxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.</p> <p>B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en</p>	<p>familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.</p> <p>PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.</p> <p>PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).</p> <p>PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos asi mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles</p> <p>PLEB2.2 pregunta e responde para dar / obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritos ou gustos).</p> <p>PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.</p> <p>PLEB2.4. Reproduce</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p>		
---	--	--	--	--

<p>conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasión a pronuncia no sexa moi clara e poida provocr malos entendidos.</p>	<p>comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos</p>	<p>CCS CCL CSC</p>		
<p>B2.3 Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p>				
<p>Bloque 3:</p>				
<p>B3.1 Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos cales o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual en soporte papel ou dixital.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados.</p>	<p>CCL</p>		
<p>B3.2. Utilizar as extratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.</p>	<p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as persoaxes principais.</p>	<p>CCL</p>		
<p>B3.3. Discriminar patrón gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas elementais relacionadas coas convencións</p>	<p>PLEB3.3. Fai hipótesis sobre o tema dun texto elemental a partir do título e das imaxes.</p>	<p>CCL CAA</p>		
<p>B3.2. Utilizar as extratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.</p>	<p>PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.</p>	<p>CCL CAA</p>		

<p>ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións.</p> <p>B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.</p> <p>Bloque 4:</p> <p>B4.1- Construír textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, para falar de si mesmo ou do seu ámbito máis inmediato, utilizando un repertorio de códigos principalmente icónicos para a súa función comunicativa.</p> <p>B4.2 Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais.</p> <p>B4.3 Aplicar patróns gráficos e convención ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p> <p>PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida</p> <p>PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.</p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p>		
---	---	---	--	--

<p>Bloque 5:</p> <p>B5.1. O seu uso comunicativo.</p> <p>B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.</p> <p>B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</p> <p>B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</p> <p>B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos</p> <p>B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo.</p> <p>B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <p>B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</p> <p>B5.9. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. ex. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores elementais como e, ou).</p> <p>B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais</p>	<p>PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</p> <p>PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.</p> <p>PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.</p> <p>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).</p> <p>PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).</p> <p>PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)</p> <p>PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can't) o acordo (That's right).</p>	<p>CCL</p> <p>CSIEE</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p>		
---	--	---	--	--

<p>sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</p> <p>B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p> <p>B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses</p>	<p>PLEB5.8. Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>		
	<p>PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>		
	<p>PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.</p>			
	<p>PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.</p> <p>PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.</p>			

Criterios de cualificación

Sobresaliente	Notable	Ben	Suficiente	Insuficiente
9-10	7-8	6	5	1-4
Cando o estándar de aprendizaxe correspondente sexa obtido na súa totalidade	Cando o estándar de aprendizaxe teña deficiencias a nivel organizativo ou de vocabulario específico	Cando o estándar de aprendizaxe teña deficiencia a nivel organizativo, vocabulario, ademais de necesitar certa axuda para acadalo	Cando o discente necesita axuda durante todo o proceso de traballo.	Cando non acada o estándar de aprendizaxe.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto
- Aplicación NAVIO
- Tarxetas de vocabulario
- Contos
- Pósters
- DVD
- Internet

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Teranse en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos. Como non todos os nenos aprenden do mesmo xeito e ó mesmo ritmo, cada actividade poderá ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en diversos materiais para que teña cada vez un sentido e a repetición non aburra.

Adoptaránse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- o Agrupamentos por niveis mixtos para que uns compañeiros poidan axudar os outros. Titoría entre iguais.
- o Previsión de actividades para os que rematan pronto as tarefas: Fast finisher worksheets
- o Actividades para elixir: lectura en diversos formatos, xogos de vocabulario..
- o Breves actividades de ampliación do léxico traballado
- o Adaptación e simplificación de actividades para os que teñan un ritmo máis lento.
- o Maior contacto cos pais a través da titora naqueles casos en que hai faltas reiteradas de material ou de traballo na casa.

9. ACCIÓN PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR E DE FOMENTO DA LECTURA

- Ademais do traballo de lectura que se fai habitualmente na clase de acordo coas posibilidades deste curso, téñense previsto as seguintes accións:
- Adquisición de máis libros en inglés para a biblioteca do centro e promoción entre o alumnado da posibilidade de préstamo na biblioteca de libros nesta lingua.
- Formación dunha pequena biblioteca de aula con materiais axeitados ó curso.
- Tamén se levarán a cabo actividades do tipo:
- Lectura de textos en voz alta.
- Lectura dramatizada de historias.

- escoita de textos, historias e diálogos lidos por nativos, polo profesor ou por outros alumnos.

10. ACCIÓNS PREVISTAS PARA A INTEGRACIÓN DAS TICS

As accións previstas para a integración das Tics son as seguintes:

- Fomento da utilización na casa por parte dos alumnos da aplicación NAVIO que acompaña o libro de texto.
- Darlles información de páxinas Web útiles para a aprendizaxe do inglés.
- Elaboración de proxectos nos que se poida precisar a utilización das Tics.

11. CONTIDOS DE TRATAMENTO TRANSVERSAL: VALORES, ACTITUDES E ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA

A educación en valores é unha tarefa complexa que se debe desenvolver ao longo das diferentes etapas educativas e en todas as áreas. O seu tratamento require:

- O diálogo e a comunicación como instrumentos de uso.
- A implicación de toda a comunidade educativa
- A inmersión dos alumnos en situacións que os fagan reflexionar.

Educación moral e cívica

Facilitarase no alumno a análise das normas sociomorais vixentes e a busca de fórmulas xustas de convivencia.

Educación para a Paz

Centrarase nos valores de tolerancia, respecto á diversidade, capacidade de diálogo e de participación social (empézase por ámbitos máis reducidos como o colexio), e tamén no desenvolvemento da autonomía e a autoafirmación.

Educación para a saúde

Formularase a través de actividades que permitan relacionarse positivamente co ámbito físico, biolóxico e sociocultural, así como mellorar o funcionamento do propio organismo. Os hábitos saudables axudarán a unha evolución equilibrada.

Educación ambiental

Tentarase capacitar o alumno para comprender as relacións que existen co medio en que se desenvolve e que aprenda a ser responsable ante os perigos ambientais que nos rodean.

Educación para a solidariedade

Trátarase de axudar os alumnos a tomar conciencia de que os conflitos son procesos naturais que se deben resolver mediante o diálogo. Iso supón aceptar o outro cos seus dereitos, mostrándose solidario con outros pobos, as súas linguas e culturas.

Educación do consumidor

Axudarase o alumno a formularse interrogantes sobre a súa condición de consumidor (a partir da experiencia) e a buscar criterios obxectivos para as súas adquisicións.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO

Traballaranse durante o curso o vocabulario e expresións máis habituais na aula, para fomentar o seu uso.

Realizaranse actividades orais variadas: cancións, diálogos dramatizados, exposicións orais.

Traballaranse aspectos comúns tamén ás linguas cooficiais

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na asignatura de inglés traballaranse algúns dos aspectos culturais comúns entre os países de fala inglesa e España e outros específicos dos países de fala inglesa que tamén se empezan a introducir aquí, comparando as semellanzas e diferenzas entre as dúas culturas.

A maioría das celebracións traballaranse na aula, aínda que nalgún caso se realice tamén algunha actividade complementaria ó traballo da clase. Prevense as seguintes actividades:

- Halloween: participación na elaboración de cabazas e debuxos.
- Nadal: elaboración de tarxetas de felicitación.
- Entroido: colaboración nas actividades do centro para conmemorar esta celebración.

14. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Teranse en conta estes criterios:

- Consecución dos obxectivos establecidos para cada curso.
- Adecuación dos contidos ó curso.
- Eficacia da metodoloxía empregada.
- Utilidade dos materiais e recursos didácticos empregados.
- Posibilidade de realización de tódalas accións previstas.

Realizarase un proceso continuo de avaliación da programación segundo os resultados obtidos no traballo diario cos alumnos e realizaranse os cambios e adaptacións en canto a contidos e metodoloxía que sexan necesarios e se poidan levar a cabo.

Asimismo, segundo os resultados finais dos alumnos, verase a conveniencia e posibilidade de cambiar para o seguinte curso os materiais e recursos didácticos empregados.

Utilizarase a seguinte táboa de seguimento:

Previsión para o curso	Desenvolvemento do curso	Obxectivos non acadados	Posibles causas	Medidas correctoras
Unidade introductoria_Setembro				
Primeira unidade__ Outubro				
Segunda unidade_Novembro				
Christmas_Decembro				
Terceira unidade__Xaneiro				
Cuarta unidade_febreiro				
Quinta unidade__marzo				
Sexta unidade__abril				
Sétima unidade__maio				
Oitava unidade__xuño				